

## **CONGRESO EXTRAORDINARIO DA AGRUPACIÓN PROVINCIAL DO PSdeG-PSOE DE LUGO**

### **CONVOCATORIA**

Comisión Xestora da Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo, 29 de xuño de 2019

## 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A Comisión Xestora da Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo, facultada pola Comisión Executiva Federal a través da resolución SCL/so 19/101/39C, aprobou esta convocatoria que ten por obxecto a celebración do Congreso extraordinario na Agrupación Provincial de Lugo. Nela, inclúese:

- A elección da Secretaría Xeral da Agrupación Provincial de Lugo.
- A elección de delegados e delegadas ó Congreso Provincial
- A elección da Comisión Executiva Provincial da Agrupación Provincial de Lugo.
- A elección da Comisión Provincial de Ética.
- A elección da Comisión Provincial de Control Económico.
- A elección dos membros dos Comité Provincial a elixir polo Congreso Provincial.

Este proceso congresual desenvolverase no marco normativo do establecido nos Estatutos do Partido, no Regulamento Federal de Desenrolo dos Estatutos Federais, e na presente convocatoria.

## 2. DISPOSICIÓNS XERAIS

A elección da Secretaría Xeral da Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo desenrolarase conforme ó proceso de primarias establecido nos Estatutos Federais e no Regulamento Federal de Desenrolo dos Estatutos Federais. Realizarase a través do sistema de primarias de dobre volta. Na primeira volta resultará elixido/a Secretario/a Xeneral o candidato/a que obteña máis do 50% dos votos válidos. Se houbera máis de dúas candidaturas proclamadas e ningunha obtivese máis do 50% dos votos válidos na primeira volta, pasarán á segunda as dúas candidaturas que obteñan o maior número de votos, e na que resultará elixido/a Secretario/a Xeral o/a candidato/a que obteña maior número de votos.

A elección de delegados/as para asistir ó Congreso Provincial extraordinario realizarase a través de votación de listas completas, pechadas e bloqueadas o mesmo día da votación que se celebre para a elección da Secretaría Xeral da Agrupación Provincial de Lugo.

A elección da Comisión Executiva Provincial da Agrupación Provincial de Lugo farase mediante o sistema de voto maioritario, a proposta do/a Secretario/a Xeral electo/a, por voto individual, directo e secreto dos/das delegados/as con dereito a voto no Congreso Provincial extraordinario.

A elección das Comisións Provinciais de Ética e de Control Económico realizarase mediante votación individual e secreta dos delegados/as con dereito a voto no Congreso, previa presentación das correspondentes candidaturas diante da Comisión Electoral, en listas completas, pechadas e bloqueadas, de acordo co sistema de voto maioritario.

A elección dos membros do Comité Provincial a elixir polo Congreso Provincial extraordinario efectuarase mediante votación individual e secreta dos/as delegados/as con dereito a voto, previa presentación de candidaturas diante da Comisión Electoral, en listas completas, pechadas e bloqueadas.

O órgano encargado de exercer as competencias pertinentes e de velar pola transparencia e o correcto funcionamento no proceso de elección da Secretaría Xeral da Comisión Executiva Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo será a Comisión Nacional de Ética do PSdeG-PSOE.

O censo a utilizar para o presente proceso congresual é o pechado o 29 de xuño de 2019, data da convocatoria do Congreso Provincial pola Comisión Xestora Provincial da Agrupación Provincial de Lugo.

### 3. Calendario do Congreso Extraordinario da Agrupación Provincial de Lugo

O calendario a seguir é o seguinte:

ÓRGANO	ACCIÓN	Días/Artículos RFD	Datas
Comisión Xestora Provincial	Convocatoria do Congreso Provincial Extraordinario		29 de xuño
	Peche Censual		29 de xuño
	Comunicación á militancia da provincia, envío convocatoria		30 de xuño
Comisión Nacional de Ética PSdeG-PSOE	Presentación de precandidaturas	3 días(Art. 177 RFD)	1-3 de xullo (14 horas)
	<b>Recollida e presentación de avais</b>	5 días (Art.182 RFD)	4-10 de xullo (18 horas)
Comité Organizador	Publicación Centros de votación	3 días antes de peche avais (Art. 196 RFD)	7 de xullo
Comisión Nacional de Ética PSdeG-PSOE	Proclamación candidaturas	(Arts. 182 e 183 RFD)	10 de xullo
	Prazo de recursos	1-4 días (Art. 184 RFD)	11-14 de xullo
	Proclamación definitiva	(Art. 185 RFD)	14 de xullo
	Campaña informativa	5 días (Art. 187 RFD)	15-19 de xullo
Comisión Nacional de Ética PSdeG-PSOE	Designación de interventores e apoderados	5 días antes da votación (Art. 200 RFD)	15 de xullo
	<b>Xornada de Votación Primarias/Elección delegados/as</b>	<b>(Arts. 203, 215 e 216 RFD)</b>	<b>20 de xullo (Sábado)</b>
Comisión Nacional de Ética PSdeG-PSOE	Proclamación de Resultados provisionais	(Art. 210 RFD)	20 de xullo
	Prazo de recursos e proclamación definitiva	1-4 días (Art. 210 RFD)	21-24 de xullo
	<b>Xornada de Votación (2ª volta)</b>	<b>(Art. 203 e 211 RFD)</b>	<b>27 de xullo (Sábado)</b>
Comisión Nacional de Ética PSdeG-PSOE	Proclamación de resultados provisionais	(Art. 210 RFD)	27 de xullo
	Prazo de recursos e proclamación definitiva	1-4 días (Art. 210 RFD)	28-31 de xullo
<b>CONGRESO PROVINCIAL EXTRAORDINARIO</b> ( A data de celebración dependerá de que haxa ou non segunda volta nas primarias)			<b>27 de xullo ou o 3 de agosto</b>

O lugar de celebración do Congreso da Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo será o Hotel Torre de Núñez (Dirección: 496 km, N-VI, 27160 Lugo).

### 4. ELECCIÓN DO/A SECRETARIO/A XERAL DA AGRUPACIÓN PROVINCIAL DO PSdeG-PSOE DE LUGO

O proceso para a elección da Secretaría Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo realizarase conforme ó previsto nos Estatutos do Partido e no Regulamento Federal de Desenrolo dos Estatutos Federais.

Terán a condición de precandidatos/as aqueles/as militantes ou afiliados directos que comuniquen formalmente á Comisión Nacional de Ética, correo electrónico: [cne@socialistasdegalicia.com](mailto:cne@socialistasdegalicia.com) , a súa intención de concorrer á elección da Secretaría Xeral Provincial do PSdeG-PSOE, mediante o oportuno impreso, e acepten expresamente as normas establecidas a tal efecto no RFD.

Os/as militantes ou afiliados/as directos que queiran iniciar a recollida de avais ó seu favor comunicaranos á Comisión Nacional de Ética mediante a presentación do impreso oficial. A Comisión

comprobará si reúne os requisitos establecidos no RFD e, de ser así, facilitaráselle os impresos de avais.

Para alcanzar a condición de candidato/a á Secretaría Xeral Provincial deberán reunir, como mínimo, o aval do 3% da militancia do PSOE e de Xuventudes Socialistas de Galicia na provincia de Lugo. Non se aceptarán polo órgano verificador, aos efectos da obtención do número mínimo de avais requiridos, máis do dobre do número de avais mínimos exixidos.

Se realizada a proclamación definitiva de candidaturas, só unha persoa alcanzase tal condición, entenderase electa como Secretario/a Xeral da Comisión Executiva Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo sen proceder aos trámites encamiñados á votación pola militancia.

A elección terá lugar en primeira volta e segunda volta. O/a candidato/a que obtivese máis do 50% dos votos na primeira volta resultará elixido/a Secretario Xeral do PSdeG-PSOE da provincia de Lugo. Celebrarase segunda volta entre os/as candidatos/as máis votados/as, no caso de que ningún/unha deles/as acade máis dos 50% dos votos.

Realizada a votación para a elección da Secretaría Xeral da Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo, efectuado o escrutinio e transcorridos os prazos de presentación de recursos, a Comisión Nacional de Ética proclamará o resultado da elección e, no seu caso, dos/as candidatos/as electos.

## 5. Desenrolo do Congreso Provincial Extraordinario do PSdeG-PSOE de Lugo

1. Ditame da Comisión de Credenciais e constitución do Congreso Extraordinario.
2. Apertura do Congreso.
3. Elección da Mesa do Congreso Provincial.
4. Elección da Comisión Electoral do Congreso e apertura do prazo de presentación de candidaturas para a elección: da Comisión Executiva Provincial, da Comisión Provincial de Ética, da Comisión Provincial de Control Económico, e dos 29 membros do Comité Provincial.
5. Proclamación das candidaturas presentadas diante da Comisión Electoral.
6. Votación das candidaturas proclamadas.
7. Proclamación dos resultados das votacións.
8. Clausura do Congreso.

## 6. Composición do Congreso Provincial extraordinario do PSdeG-PSOE de Lugo

Son membros con dereito a voz e voto:

- Os delegados/as elixidos/as nas Agrupacións Municipais da provincia de Lugo. **O baremo a aplicar será o de un/unha delegado/a por agrupación e un/unha delegado máis por cada 20 militantes ou fracción igual ou superior a 10.**
- Os delegados/as de Xuventudes Socialistas de Galicia na provincia de Lugo, nun número equivalente a unha porcentaxe situada entre o 2% e o 5% do total de delegados/as elixidos polas Agrupacións Municipais.

Son membros con voz e sen voto:

- A Comisión Xestora Provincial.
- A Comisión Provincial de Ética.
- A Comisión Provincial de Control Económico.

## 7. Elección de delegados/as ó Congreso Provincial extraordinario do PSdeG-PSOE de Lugo

A elección de delegado/as realizárase o mesmo día da xornada de votación por medio do sistema establecido no artigo 5.2 dos Estatutos Federais vixentes con anterioridade ó 39º Congreso Federal, e Nacionais, que é o seguinte:

- a) *Os delegados/as dos Congresos, os/as participantes nas conferencias e os membros dos comités municipais, provinciais, insulares, rexionais ou nacionais e federal serán elixidos en listas completas, pechadas e bloqueadas. Aos distintos Congresos non poderán asistir como delegados/as os membros dos respectivos órganos executivos.*
- b) *No suposto de que existan dúas listas, a minoría que obteña como mínimo un 20 por 100 dos votos válidos a candidaturas, terá unha representación proporcional a estes. En todo caso, a lista que obteña a maioría terá dereito á metade máis un dos delegados a elixir.*
- c) *No suposto de que existan máis de dúas listas e ningunha obteña a maioría, a máis votada terá dereito a unha representación da metade máis un dos cargos a elixir, repartíndose o resto proporcionalmente entre as demais candidaturas que superasen o 20%.*

A Comisión Executiva Municipal que corresponda procederá á apertura dun prazo para a presentación de candidaturas de delegados e delegadas. Estas deberán ser completas; é dicir, conter tantos membros como postos a cubrir, cerradas e bloqueadas. Así mesmo, as candidaturas presentadas deberán cumprir o previsto no artigo 5.2 d) dos Estatutos Federais vixentes con anterioridade ó 39º Congreso Federal, debendo ter igual representación de homes e mulleres ordenados de forma alternativa. Cando o número de integrantes da candidatura sexa impar, a presenza de ambos sexos será o máis axustada o equilibrio numérico, respectándose a orde alternativa entre os candidatos de un e outro sexo.

## 8. Lugares nos que presentar a documentación do proceso congresual convocado

Toda a documentación e información que teña que ver coa celebración do Congreso Provincial extraordinario: actas, fichas de delegados, invitados, etc. e os avais ás precandidaturas poderase enviar ó correo electrónico: [congresolugo2019@socialistasdegalicia.com](mailto:congresolugo2019@socialistasdegalicia.com)

A comunicación e envío do impreso oficial manifestando a intención de concorrer á elección da Secretaría Xeral Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo deberase enviar ó correo electrónico seguinte: [cne@socialistasdegalicia.com](mailto:cne@socialistasdegalicia.com) .

## 9. Disposicións adicionais

A Comisión Xestora Provincial da Agrupación Provincial de Lugo e a Comisión Nacional de Ética poderán adoptar os acordos precisos e as medidas necesarias para o desenvolvemento e cumprimento da presente convocatoria.